

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Secretaría Xeral

*Aprobación das bases xerais do programa de axudas municipais ao fomento do emprego*

##### **Aprobación das bases xerais do programa de axudas municipais ao fomento do emprego,**

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 10 de setembro de 2019, acordou a aprobación das bases xerais do Programa de Axudas Municipais ao fomento do emprego. Dando cumprimento ao acordo plenario, procédese á publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento. As bases están expostas no taboleiro de edictos do concello e na páxina web municipal.

Arteixo, 12 de setembro de 2019.

O ALCALDE

Por delegación, Decreto nº 1603/19

Asdo. Patricia Amado Varela

Concelleira de Promoción Económica, Participación, Xuventude e Novas Tecnoloxías

#### **BASES XERAIS DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS AO FOMENTO DO EMPREGO,**

##### **BASE 1ª.- FINALIDADE**

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladora das axudas e subvencións ao fomento do emprego, da Concellaría de Promoción Económica, Participación, Xuventude e Novas Tecnoloxías do Concello de Arteixo, coa finalidade de incentivar e colaborar na actividade económica e na xeración de emprego dentro do Concello de Arteixo, a través dos seguintes programas:

- Programa I - Axudas Municipais para á Creación de Empresas.
- Programa II - Axudas Municipais á Contratación.

As bases reguladoras de cada unha das liñas incorporárase como anexo desta convocatoria, formando parte integrante da mesma.

##### **BASE 2ª.- SOLICITUDE E PRAZO DE PRESENTACION**

Os solicitantes están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), polo que deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Arteixo,

<https://sede.arteixoo.org/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/Solicitudsubvenciones>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica. A solicitude deberá acompañarse dos modelos establecidos nos anexos de cada Programa.

No caso de que se achegue a solicitude e/ou a documentación complementaria presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica.

O prazo de presentación de solicitudes será o que se determine na orde de convocatoria anual de estas subvencións, e en todo caso, iniciárase ao día seguinte da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 de la LPAC.

### BASE 3ª.- CREDITO ORZAMENTARIO

As axudas que se concedan ao abeiro destas bases faranse con cargo ao orzamento da Concellaría de Promoción Económica, Participación, Xuventude e Novas Tecnoloxías, na aplicación orzamentaria 241 47000 –“Programa de axudas ao fomento do emprego”. O importe desta axudas será o que se estableza a convocatoria anual das mesmas.

En calquera caso a concesión de subvencións quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria de referencia, no momento en que se dite resolución da concesión.

### BASE 4ª.- PROCEDEMENTO DE CONCESION, INSTRUCIÓN E TRAMITACIÓN DAS AXUDAS

4.1.- O procedemento de concesión da subvención recollido nestas bases axustarase ao disposto no art. 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos, até o esgotamento do crédito orzamentario. Con todo, no suposto de que o crédito dispoñible non fose suficiente, por superar o importe máximo do mesmo, establecerase como criterio a orde de presentación das solicitudes no rexistro de entrada.

4.2.- Recibidas as solicitudes xunto coa documentación preceptiva, a instrución do procedemento levarase a cabo pola Concellaría de Promoción Económica, Participación, Xuventude e Novas Tecnoloxías do Concello de Arteixo, onde se creará unha Comisión de Valoración e Seguimento, formada pola concelleira de Promoción Económica, Participación, Xuventude e Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente e un número mínimo de dous técnicos/as adscritos/as ao Servizo de Promoción Económica, designados pola Alcaldía, actuando un deles como secretario/a. A Comisión avaliará as solicitudes presentadas e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución. Do resultado da reunión ou reunións mantidas pola Comisión de Valoración redactarase a acta polo secretario/a e elaborarse proposta definitiva de concesión de subvención ou no seu caso, de denegación ou exclusión das mesmas.

4.3.- A proposta definitiva da Comisión de Valoración remitirase ao órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas subvencións no prazo máximo de tres meses desde o último día de prazo de presentación de solicitude.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase desestimada a petición de axuda por silencio administrativo. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto. Contra a desestimación expresa do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución da Xunta de Goberno Local, de concesión ou denegación das axudas, esgota a vía administrativa e notificarase aos solicitantes no prazo de dez días desde que se dite, de acordo con previsto no artigo 40 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso – administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa notificación, perante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

4.4.- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, o/a interesado/a poderá desistir da súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración condecendente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 40 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

4.5.- Os/as adxudicatarios/as das axudas están obrigados no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicarlle á Concellaría de Promoción Económica, Participación, Xuventude e Novas Tecnoloxías a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

### BASE 5ª.- VERIFICACION E CONTROL.

Os/as beneficiarios/as quedarán obrigados/as a facilitar todas as actuacións de comprobación que se efectúen pola comisión de valoración e seguimento das axudas. Así mesmo, quedarán sometidas ás actuacións de control financeiro que lle correspondan á Intervención do Concello de Arteixo e polo Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

**BASE 6ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARACTER PERSOAL.**

Os datos das entidades solicitantes e os seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orde á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento o Departamento de Promoción Económica.

**BASE 7ª.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. REXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.****8.1. Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro:**

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

No caso da percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de mora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Promoción Económica.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

**8.2. Renuncia:**

A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da correspondente renuncia cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Promoción Económica no vindeiro exercicio orzamentario.

**8.3. Infraccións e sancións:**

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o previsto nas Leis 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

**BASE 8ª.- PUBLICIDADE.****8.1.- Publicidade da convocatoria e bases reguladoras das axudas:**

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no RD 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas:

- As bases reguladoras na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) no BOP e na páxina web do Concello de Arteixo ([www.arteiro.org](http://www.arteiro.org)).

- A convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na páxina web do Concello de Arteixo ([www.arteiro.org](http://www.arteiro.org)). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

#### 8.2.- Publicidade das subvencións outorgadas:

A relación de todos os solicitantes e a resolución do outorgamento das axudas publicarase na páxina web [www.arteiro.org](http://www.arteiro.org), no Taboleiro de Edictos e no Portal de Transparencia.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

#### 8.3.- Publicidade do financiamento público:

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel de forma visible no que se indique que actividade está financiada polo Concello de Arteixo. O modelo normalizado do cartel será suministrado pola Concellaría de Promoción e Económica, Participación, Xuventude e Novas Tecnoloxías.

### **BASE 9ª: NORMATIVA DE APLICACIÓN**

A concesión destas axudas rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básico; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; pola ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais do Concello de Arteixo, polas bases reguladoras que se conteñen nas presentes convocatorias, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

### **BASE 10ª: DISPOSICIÓN FINAL**

O Concello de Arteixo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

## PROGRAMA I

### Bases reguladoras do Programa de axudas municipais á creación de empresas.

#### 1.- OBXECTO

A finalidade destas bases reguladoras é apoiar de forma activa a posta en marcha de novos proxectos empresariais emprendidos no ámbito deste concello por empresarios/as individuais ou a través de pequenas e medianas empresas, independentemente da súa forma xurídica, que tivesen iniciado a súa actividade entre o 1 de outubro do ano anterior a convocatoria e o 30 de setembro do ano da convocatoria (entendendo por inicio de actividade a alta definitiva no censo de obrigados tributarios). Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 800/2008 da Comisión de 6 de agosto de 2008.

#### 2.- BENEFICIARIO/A

Poderá ser beneficiario/a calquera persoa física cun novo proxecto empresarial, sexa autónoma individual, autónoma colaboradora ou autónoma integrada nunha sociedade civil ou mercantil, que, ademais de cumprir os requisitos establecidos no artigo 11 da Lei xeral de subvencións, o artigo 5 da Ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e os especificamente fixados no antedito apartado, cumpran os seguintes requisitos:

- 1) Desenvolver a súa actividade empresarial no Concello de Arteixo nos seguintes termos:
  - En caso de desenvolver a súa actividade a través dun establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal de Arteixo.
  - Cando, para o exercicio da actividade, non se dispoña de establecemento permanente, que o domicilio fiscal da empresa estea dentro do termo municipal de Arteixo.
- 2) Estar en situación de desemprego no momento da alta no R.E.T.A ou réxime similar. Este requisito acreditarase mediante a presentación dun informe da vida laboral da persoa traballadora.
- 3) Estar dada de alta no Réxime especial de traballadores autónomos dende 1 de outubro do ano anterior e o 30 de setembro do ano da convocatoria.
- 4) Que sexan empresas de nova creación – considerando incluídos en tal concepto os traspasos de negocios- sen que se admitan supostos de empresas procedentes da transformación xurídica. O inicio da actividade económica virá determinado pola alta no censo de obrigados tributarios e actividades económicas.
- 5) Que presenten un proxecto empresarial viable técnica, económica e financeiramente, acreditado na forma establecida no anexo III da presente convocatoria.
- 6) Que non desenvolvesen, como traballadores autónomos no R.E.T.A ou réxime similar; igual ou similar actividade empresarial nos seis meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade. No caso dunha nova actividade formada por varios socios e no que un deles xa estivese dado de alta como autónomo na mesma ou similar actividade, será requisito indispensable para a súa concesión, que, como mínimo o 51 % do capital sexa de titularidade dos novos empresarios. Neste caso só terá dereito a subvención a cota dos socios que non estivesen dados de alta na mesma ou similar actividade empresarial.
- 7) Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Arteixo, coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), así coma ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social.
- 8) Comprometerse a manter a actividade por conta propia que xerou a alta no Réxime especial de traballadores autónomos obxecto da subvención, durante un período mínimo de dous anos, salvo causa de forza maior, en caso contrario, o beneficiario/a estará obrigado/a a reintegrar na Tesouraría do Concello a subvención percibida.
- 9) Ter concedidas, de seren necesarias, todas as licenzas pertinentes para o desenvolvemento da actividade ou, no seu defecto, xustificar que se están a tramitar.
- 10) Non poderán ter a condición de beneficiario/a os empresarios/as e as pequenas e medianas empresas nos que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 11) As persoas beneficiarias estarán suxeitas ás obrigas xerais que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### 3.- CREDITO ORZAMENTARIO

As axudas que se concedan ao abeiro destas bases, faranse con cargo ao orzamento da Concellaría de Promoción Económica, Participación, Xuventude e Novas Tecnoloxías, na aplicación orzamentaria 241 47000 –“Programa de axudas ao fomento do emprego”. O importe será o que o establecido na convocatoria anual desta subvencións.

En calquera caso a concesión de subvencións quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria de referencia, no momento en que se dite resolución da concesión.

### 4.-TIPO, CONTÍA DAS AXUDAS E GASTOS SUBVENCIONABLES.

4.1.- As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. O importe máximo destas axudas será de 3.000,00 € por empresa beneficiaria e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados durante o período indicado nin tampouco exceder da contía total do investimento inicial realizado polos/as promotores/as.

Os gastos que poderán ser subvencionables corresponderán aos seis meses posteriores ao inicio da actividade, agás os gastos de constitución e apertura, que poderán corresponder ao período comprendido desde os seis meses antes do inicio da actividade ata a data límite de presentación de solicitudes.

Gastos subvencionables:

a) Gastos de constitución e apertura.

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:

- Visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos,
- Comunicación previa de inicio actividade, de obra ou de cambio de titularidade,
- Alta no Rexistro Mercantil,
- Certificación negativa do nome da sociedade,
- Honorarios de notarias por escrituras públicas,
- Publicación no BORME,
- Modelo 600 da Xunta de Galicia pola constitución da empresa.

b) Existencias iniciais de mercadorías.

Serán subvencionables o 50% da adquisición de primeiras compras de mercadorías, de materias primase doutros consumibles utilizados no proceso de produción ou servizo.

c) Gastos de aluguer:

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos de aluguer sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa:

- Local,
- Vehículo industrial,
- Aplicacións e equipos informáticos.

Ademais do correspondente xustificante do gasto achegarase o documento acreditativo do contrato de arrendamento para o que se solicita subvención.

d) Primas de seguros:

Serán subvencionables o 50% dos gastos de contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial (seguro do local, de responsabilidade civil e vehículo de empresa).

Para os casos de pago anual considerárase a contía proporcional dos meses ao que proceda a subvención.

e) Subministracións e gastos correntes:

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

- Auga
- Teléfono
- Electricidade
- Combustible (sempre que sexa imprescindible na actividade a desenvolver)
- Material de oficina.
- Asesoría.
- Gas.
- Servizos de seguridade (só cotas mensuais proporcionais aos meses nos que proceda a subvención).
- Gastos de publicidade e difusión da actividade empresarial.

Todos os gastos referidos poderán ser subvencionados sempre que as facturas estean expedidas a nome da entidade solicitante e non sexan emitidas por algún promotor da empresa ademais de cumprir cos requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regúlase as obrigas de facturación, tal e como se recolle na base 6ª.

Todas as facturas irán acompañadas do documento bancario acreditativo do seu pagamento, así como as nóminas dos traballadores contratados.

Queda excluído destas axudas calquera outro gasto non relacionado nos conceptos subvencionables anteriormente indicados, e, en ningún caso, consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

#### 5.- CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCÍONS.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. A persoa solicitante deberá declarar as axudas que obtivera ou solicitara para o mesmo fin, tanto ao iniciarse o expediente coma en calquera momento posterior.
- Segundo o Regulamento UE núm.1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352/1, do 24 de decembro de 2013), cando se trate de axudas compatibles entre si dadas en concepto de “minimis” por calquera administración pública e para calquera tipo de gasto, non poderá superarse en todo caso o límite de 200.000 € nun período de tres exercicios fiscais, ou 100.000 € no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere non sector do transporte por estrada.

#### 6.- DOCUMENTACION A PRESENTAR.

Documentación específica para o Programa I de axudas municipais á creación de empresas:

- Ficha solicitude (anexo I).
- Fotocopia do DNI do solicitante e, no seu caso, do seu representante legal. No caso de traballadores autónomos estranxeiros non comunitarios permiso de residencia e permiso de traballo.
- Fotocopia do CIF, escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil, de ser caso.
- Fotocopia da declaración censal de alta no Censo de Obrigados Tributarios (modelo 036 ou 037) e alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE), no caso de non autorizar a súa comprobación.
- Fotocopia de alta no Réxime especial de traballadores autónomos (RETA), en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional correspondente.
- Fotocopia do informe de vida laboral actualizado do traballador na data de solicitude.
- Fotocopia da comunicación previa de inicio de actividade, de obra ou cambio de titularidade, no caso de que sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.

- Declaración responsable, incorporada como Anexo II a esta convocatoria.
- Memoria de proxecto empresarial a desenvolver (anexo III), ou calquera outro que, respectando o contido mínimo, queira presentar a persoa solicitante.
- Relación de previsión de gastos subvencionables segundo o recollido na Base 3 anterior (anexo IV).
- Declaración responsable doutras axudas e de axudas en réxime de minimis (anexo V).

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, os Técnicos do Departamento de Promoción Económica encargados de tramitar o expediente, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, requirirá á persoa solicitante para que, nun prazo máximo e improrrogable de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixera, considerárase desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da antedita Lei.

### 7.- XUSTIFICACIÓN PARA O SEU ABOAMENTO

Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación da seguinte documentación:

- Relación ordenada de facturas presentadas correspondentes aos gastos subvencionables recollidos na Base 3 anterior (anexo IV-Bis).
- Facturas orixinais, que deberán conter os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproban as obrigas de facturación.
- Xustificantes do pagamento dos gastos obxecto da subvención, que deberán acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento, de xeito que queden claramente identificados o emisor e o receptor do pagamento.
- Declaración responsable doutras axudas e de axudas en réxime de minimis, actualizada (anexo V).
- Declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos (anexo VI):
  - o Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan se aplicaron á actividade subvencionada.
  - o Que foron aboadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
  - o Cando xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto da Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Fotografía do cartel informativo da subvención colocado nun lugar visible do local. O cartel será subministrado pola Concellaría de Promoción Económica.
- Modelo de designación de conta bancaria.

### 8.- PRAZO DE XUSTIFICACION.

O prazo para a xustificación da subvención será de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da concesión da correspondente axuda.



**PROGRAMA II****Bases reguladoras do Programa de axudas municipais á contratación****1.- OBXECTO E BENEFICIARIO/A****1.1.- OBXECTO.**

Serán obxecto desta subvención as contratacións, que realicen empresas privadas independentemente da súa forma xurídica e entidades distintas da administración pública, de persoas desempregadas residentes en Arteixo que participen ou tivesen participado nalgunha das accións dos Plans Municipais de Formación da Concellaría de Promoción Económica, Participación, Xuventude e Novas Tecnoloxías ou estean inscritas na Bolsa Municipal de Emprego do Concello de Arteixo.

As contratacións que se beneficien desta subvención terán que reunir os requisitos establecidos nas presentes bases e terán que formalizarse no período comprendido entre o 1 outubro do ano anterior e o 30 de setembro do ano da convocatoria

**1.2.- REQUISITOS DOS BENEFICIARIO/A**

1.2.1.- Non poderán ter a condición de beneficiario/a as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.2.2.- O beneficiario/a non poderá recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (exceptuando os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).

1.2.3.- As persoas contratadas polo beneficiario deberán ser persoas que participen ou tivesen participado nalgunha das accións dos Plans Municipais de Formación da Concellaría de Promoción Económica, Participación, Xuventude e Novas Tecnoloxías ou estean inscritos/as na Bolsa Municipal de Emprego do Concello de Arteixo e demostren a súa residencia no municipio de Arteixo no momento da formalización do contrato obxecto de subvención.

1.2.4.- O/A beneficiario/a deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Arteixo, coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), así coma ao corrente das súas obrigas para coa Seguridade Social.

**1.3.-TIPOS E CONTÍAS DAS AXUDAS**

- AXUDAS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL A XORNADA COMPLETA.

Contratos iniciais coas seguintes características:

BENEFICIARIOS/AS	CONTRATO: 6 MESES (1)	CONTRATO: ANO OU MÁIS
Persoas participantes nalgunha das accións dos Plans Municipais de Formación da Concellaría de Promoción Económica ou estean inscritos/as na Bolsa Municipal de Emprego do Concello de Arteixo.	500,00	1.500,00

INCREMENTO POR COLECTIVO		
Parados/as de longa duración (1 ano ou máis)	250,00	500,00
Persoas maiores de 45 anos desempregadas	250,00	500,00
Mulleres	250,00	500,00
Persoas con eivas	250,00	500,00
<b>Importe total</b>	<b>1.000,00</b>	<b>2.500,00</b>

**(1) Contrato inicial de 6 meses, ou a suma de contratacións efectuadas non sexa inferior aos 6 meses e cun contrato inicial por 3 meses.**

- AXUDAS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL A XORNADA PARCIAL

Só serán subvencionables as contratacións temporais de persoas demandantes de emprego, inscritas como tal, no Servizo Público de Emprego de Galicia.

O importe da subvención será proporcional á xornada laboral do contrato (tanto para os de duración mínima de seis meses coma para os dun ano).

O límite máximo de subvención por empresa ou grupo de empresas asociadas non poderá exceder, polo conxunto das contratacións realizadas, de 6.000,00 Euros. Esta contía incrementarase nun 25% cando as contratacións se formalicen por microempresas, é dicir, aquelas empresas nas que a media aritmética do cadro de persoal no ámbito territorial de Galicia da empresa nos 12 meses anteriores á contratación obxecto da subvención sexa inferior a 10 traballadores.

#### 1.4.- OBRIGAS DO/A BENEFICIARIO/A

Serán obrigas das persoas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1.4.1.- Acreditar no momento da solicitude, a contratación, no período comprendido entre o 1 de outubro do ano anterior até o 30 de setembro do ano da convocatoria, de persoas desempregadas residentes en Arteixo que participen ou participaran nalgunha das accións dos Plans Municipais de Formación para o Emprego da Concellaría de Promoción Económica, Participación, Xuventude e Novas Tecnoloxías ou estean inscritos/as na Bolsa Municipal de Emprego do Concello de Arteixo.

1.4.2.- Se é o caso, acreditar a condición de persoa con eivas recoñecida.

1.4.3.- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Arteixo, coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), así coma ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social.

1.4.4.- Comunicarlle ao Concello de Arteixo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así coma dos seus compromisos e obrigas.

1.4.5.- Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado ou, de ser ao contrario, ter cumprido as condicións do apartado 1.5.

1.4.6.- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

1.4.7.- O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen lle corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitarlle a esta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### 1.5.- ALTERACIÓN DAS CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se concede a subvención, a cobertura do seu posto por un/unha novo/a traballador/a, deberá terse producido ou producirse dentro dos trinta días naturais seguintes ao cesamento, e por un período de tempo equivalente ao que restase ou reste para o remate do período estipulado inicialmente. En caso contrario, a empresa beneficiaria non poderá percibir a axuda, procederá ao seu reintegro ou minorarase o seu importe segundo o período de contratación xustificado. A nova persoa contratada deberá ser tamén beneficiaria das accións dos Plans Municipais de Formación para o Emprego da Concellaría de Promoción Económica, Participación, Xuventude e Novas Tecnoloxías ou estar inscritos/as na Bolsa Municipal de Emprego do Concello de Arteixo.

